

Unha carta por unha aventura

Diego Prieto Fernández

Hai uns anos, a vida de Xoan cambiou de súpeto. Xoan era carteiro, pero traballaba nos pobos, non na cidade.

Sempre ía repartindo as cartas co seu coche. Outra cousa que sempre facía era dar cartas ás persoas maiores. No último pobo no que repartía chamábase Vilachá.

El ía camiñando para repartir (as cartas) porque non había carteiro. Chamou a unha casa e abriu unha persoa de máis ou menos de 90 anos.

Deulle a carta, a señora abriuna e desmaiouse. Xoan colleu a señora e axodoulla a sentarse no sillón do salón.

Cando se recuperou, a anciá despertouse e contoulle porque lle pasara iso. Tamén lle dixo o que poñía na carta. Resumindo poñía que o marido da anciá morrera hai moitos anos e ela non sabía nada. Escondera un tesouro no medio dun descampado, pero como a señora era tan maior, non o podía desenterrar.

A señora Virtudes, que así se chamaba, contoulle de todo o que se lembraba, Dixolle moitas cousas sobre o tesouro. Despediuse da señora e volveu a casa, investigou moitísimo e descubriu onde estaba soterrado aquel tesouro. Só que agora había un edificio. Entón, o tesouro estaría no aparcadoiro.

Despois de moito traballo, moitas horas invertidas, un permiso xudicial, e moita axuda, conseguiu sacar o tesouro aquel.

Contiña ouro, diñeiro, diamantes, rubíes, perlas, prata, moedas antigas e testamentos...

A metade era para a señora Virtudes, e a outra parte para o meu primo Xoan...